



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica
A Coruña
tfo 981183969 / fax 981183697
coruna@cigtelefonica.com

BOLETÍN SINDICAL

XUÑO DE
2006

Nº 12

EDITORIAL

DESPEDIMENTOS IMPROCEDENTES. GRAVIDADE DUN FEITO INSÓLITO

A catro compañeiros de Telefónica, de Planta Exterior de Murcia, a empresa despediunos cunha acusación que non puido probar no xuízo polo que o xuíz dictou unha sentenza de despedimento improcedente.

No canto de readmitilos, a empresa optou por manter os despedimentos e indemnizar ós compañeiros.

Neste proceso **existen dúas cuestións moi graves sobre as que é necesario reflexionar:**

1ª) A empresa enceta unha fórmula, que aínda que legal, non se tiña utilizado antes e que representa unha vía perigosa para todo o cadro de persoal: a calquera se pode acusar de algo que non fixo ou non se pode probar, despedilo, e manter a opción da indemnización no canto da readmisión, cando exista sentenza de despedimento improcedente.

2ª) A comunicación e a necesaria resposta que se tiña que producir en todo o cadro de persoal ante un feito deste tipo non existiu. O Comité Intercentros e os sindicatos que ostentan a maioría da representación non consideraron necesario nin conveniente crear un clima de mobilización e convocar ós/ás traballadores/as de Telefónica para esixir a readmisión dos compañeiros despedidos.

A CIG presentou no último Comité de Empresa da Coruña dúas propostas. Unha delas foi aprobada, pero non así a outra que non tivo o apoio de CC.OO. e UGT que quixeron evitar que se trasladase calquera compromiso ó Comité Intercentros (*VER www.cigtelefonica.com. → A Coruña → Ultimo Pleno do Comité*).

Historicamente a reivindicación de que ningún despedimento improcedente se executara era compartido por todos os sindicatos presentes nesta empresa e formaba parte das plataformas dos convenios colectivos.

Que ante esta situación exista unha actitude pasiva por parte do Intercentros e dalgúns sindicatos demostra que a defensa dos intereses dos traballadores non é un dos obxectivos dalgunhas das organizacións sindicais presentes en Telefónica. A degradación destas organizacións chegou a tal extremo que máis que ser útiles o cadro de persoal están converténdose nun perigoso aliado da empresa en contra dos intereses de todos e todas. NON MERECEM CONTAR COA CONFIANZA NIN O APOIO DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS.

IMAGENIO EN O+M

A empresa “decidiu recuperar actividade da contrata en Imagenio” para o que impuxo que a partires de xuño os OTPI de conmutación de A Coruña, Santiago e Ferrol (*) vaian a casa do cliente nas avarías deste servicio.

Ante esta decisión só se posicionou claramente en contra a CIG, pois tanto CC.OO. como UGT estiveron sempre de acordo con esta política. Eso si, fixeron durante un tempo o paripé e incluso apoiaron unha proposta da CIG no Comité da Coruña para que o Intercentros esixira á empresa que se retirara esta iniciativa. Coa sinatura do convenio 2003-2005 no que se introduce a ampliación de funcións dos OTPI (cláusula 6ª) e o posterior acordo que desenvolve esa cláusula en outubro de 2004 estes sindicatos ábrenlle as portas á empresa para que os OTPI teñan que asumir funcións que eran claramente de Operadores Auxiliares.

A CIG acepta que os traballos dos OTPI de O+M evolucionen coa tecnoloxía, pero mantendo limitadas as funcións das distintas categorías laborais. Nesa liña ofertámoslle á empresa negociar, sempre que o referendaran os afectados, atender hasta o repartidor as avarías de Imagenio. A empresa non estivo de acordo e preferiu que atenderamos só as dunha central (as que se puidera, pois considéranos unha actividade non prioritaria), pero ás que fosemos tiñan que levar implícito ir á casa do cliente.

Esta decisión violenta o mencionado acordo que diferenciaba as actividades dos OTPI de O+M cos do resto de Operacións. Quizais ese sexa un dos obxectivos: Que non queden OTPI que non vaian a casa do cliente e que asuman tamén funcións claramente definidas para a categoría de Oper. Auxiliares.

Pero a empresa ten outro obxectivo fundamental non confesado, e que cada día máis compañeiros dos afectados están a ver con claridade: Crear unha situación incómoda no colectivo para forzar ós compañeiros/as a acollerse ó ERE.

Desde a CIG chamamos os/as afectados/as a mellorar a unidade e a comunicación do grupo; á unificar as pautas de actuación no día a día e a apoiarse uns ós outros para que ninguén se vexa forzado a marcharse se non tiña esa intención.

() En Ferrol aínda non existe, pero está prevista a posta en servicio proximamente.*

Cambiar tubos fluorescentes é unha función dos electricistas.

Os Operadores Técnicos non deben cambiar tubos, porque a empresa utilizará que alguén os cambie para intentar impoñelo a todos.

HORAS EXTRAORDINARIAS. ACTA DE INFRACCIÓN LABORAL

RESOLUCIÓN DA INSPECCIÓN DE TRABALLO.

Ante a denuncia presentada pola CIG na Inspección de Traballo da Coruña , esta levantou acta de infracción laboral a Telefónica de España S.A.U. por incumprir a lei.

Cando se fan HORAS EXTRAS, a empresa debe computalas por traballador, non superar o máximo anual , informar das realizadas por cada quen ós representantes dos traballadores e, por suposto, pagalas ó prezo estipulado en Convenio que no caso telefónico é o 175% da hora normal.

A CIG, desde que tivo coñecemento da realización de HORAS EXTRAS fraudulentas, intentou acordar no Comité de Empresa unha resposta contra este abuso da empresa e a colaboración de compañeiros con poucos escrúpulos que aceptaron realizar en fraude as Horas Extras colaborando coa empresa na rebaixa das condicións establecidas en Convenio. Non foi posible pois non houbo consenso nin para sacar un comunicado conxunto contra a realización das mal chamadas Tarefas Extraordinarias. O órgano colexiado escollido polos traballadores para a súa representación e defensa, maioritariamente preferiu pasar do tema mentres a empresa se poñía as botas e uns poucos insolidarios prexudicaban a todo o colectivo.

Todo isto pasa coa conivencia total e absoluta do Comité Intercentros , que abandona unha vez máis as súas responsabilidades básicas, mirando para outro lado cando a empresa conculca a Normativa, con *normas internas* claramente ilegais.

Como xa dixemos no seu momento:

-**É unha vergoña** que se oferte traballo extra nunha empresa na que se **recorta persoal** porque disque sobra.

-**É prexudicial para os dereitos dos traballadores** aceptar o traballo en fraude que a empresa propón, **en vez de transformalo en postos de traballo**.

-**É inxustificable** argumentar a necesidade económica para aceptar as migallas da empresa cando se deixan pasar as distintas negociacións, convenios, unificación de categorías, ampliación de funcións etc... **sen facer o esforzo necesario para acadar melloras para todos**, para tódolos meses, para tódolos anos.

ULTIMA HORA:

A Empresa convocou a Comisión de Xestión para informarlle de que se crea unha nova unidade na Coruña na área de Operacións con actividade de tramitación. As plazas serían para ASC.

O irregular da actuación da empresa consiste en que acudiron á reunión con unha lista de 8 ASC, por motivos médicos. Posteriormente fai chegar unha ampliación de 2 ASC por non ter conseguido os obxectivos.

Estas plazas son de nova creación e na Normativa Laboral está moi claro (art. 151.1) como é o procedemento. A empresa debe sacar a tableiro estas plazas e concretar o número exacto.

A CIG fará todo o que estea nas súas mans para que se cumpla a Normativa.

A ÚLTIMA CONTRAREFORMA LABORAL.

Vense de asinar recentemente unha nova contrarreforma laboral baixo a denominación de “Acordo para a mellora do Crecemento e do Emprego” e seleccionamos aquí algunhas das conclusións anotadas no documento elaborado pola Confederación Intersindical Galega ó dispor de todos na paxina www.galizacig.com. Tamén se pode ver o documento nos taboleiros dos distintos centros de traballo:

A Vista do “Acordo Para a Mellora do Crecemento e do Emprego” o punto de equilibrio para conseguir o consenso está hoxe moito máis preto da patronal que dos sindicatos.

Todas estas negociacións, de máis de 14 meses, foron levadas a cabo a porta pechada, como quen di, de costas aos traballadores e, excluindo a organizacións como CIG e ELA.

O Acordo non só favorece aos empresarios, senón que incide nun modelo laboral e produtivo xa fracasado, baseado na desprotección, na temporalidade, nos baixos custos salariais, que vai seguir

O seu obxectivo real non é reducir a temporalidade, por iso abunda nas medidas fracasadas de 1997, senón xeneralizar o despedimento máis barato e converter o novo contrato indefinido no único contrato fixo.

O obxectivo máis visíbel é a transferencia de enormes recursos á patronal, tanto pola vía das subvencións, como pola vía das reducións das cotizacións ao desemprego e ao FOGASA, por non falar xa da redución das cotizacións ás ETT, seguramente unha medida clave para reducir a temporalidade.

Cómpre facer números en concreto, pero está claro e podemos afirmar que en moitos supostos as subvencións van chegar para cubrir ao cabo dos catro anos os custos de despedimento, polo que a organización empresarial ten causa para convencer os empresarios a que fagan contratos fixos, xa que a subvención recibida anualmente financiará os custos de despedimento.

En definitiva, a patronal non quería reforma laboral ningunha porque o que eles pretenden xa se está realizando hoxe día a día na realidade do mundo do traballo, a través da desregulación efectiva que se produce por mor da descentralización produtiva xeneralizada. Pero como tiña que haber reforma, conseguiu que se puxesen as cousas claras, continuando co mesmo modelo produtivo e laboral e conseguindo enormes recursos económicos...

Se pensas que os teus intereses e os de todos os traballadores e traballadoras necesitan ser defendidos permanentemente, únete a nós e farás da CIG en Telefónica unha organización máis forte e con máis capacidade para evitar os atropelos e abusos.

AFÍLIATE Á CIG, POLO TEU INTERESE.

BOLETÍN DE AFILIACIÓN

Nome e Apelidos _____ Matrícula _____

Categoría _____ Unidade de Traballo _____ Localidade _____

Domiciliación das cotas por banco

Domiciliación das cotas por nómina

Enviar a: Sección Sindical CIG, C/ Miguel Servet: Edif-Central de Hércules.

correo : coruna@cigtelefonica.com